

# PLENARIO DE EN MAREA

## 13 DE XULLO DE 2019

**Emendante/s:**  
**Xoán Hermida (1)**

**Documento que se emenda:** (Marcar cun \*)

- Tese política: O futuro de En Marea  
 Documento organizativo: Cambios estatutarios e organizativos

**Páxina/s:** 2    **Liña/s:** 51-59

**Tipo de emenda emenda:** (Marcar cun \*)

- Eliminación**  
 **Substitución**  
 **Engádegas**

**Texto da emenda:**

A nivel internacional, diante da crise do altermundismo, soamente o movemento feminista e o de defensa do hábitat manteñen un pulso ao sistema de capitalismo global. Nunca foi tan necesaria a democracia e a soberanía para vertebrar una alternativa integral, pero son precisamente as dificultades da esquerda para desapegarse de alternativas totalitarias ou populistas as que limitan as súas posibilidades e aseguran a hexemonía global do neoconservadurismo.

En Europa asistimos a un auxe de novas forzas de carácter democrático radical e de ecoloxismo político que veñen a ocupar parte da posición que durante anos ocupou a socialdemocracia pero aínda son de carácter recente para saber do seu asentamento máis ala do actual ciclo electoral.

No Estado o episodio de cambio aberto simbolicamente no 15M seguirá vivo tanto en canto sigan sen resolverse as contradicións dun modelo democrático esgotado. Non obstante o ciclo aberto no 2012 en Galicia coa crise do BNG e o nacemento de AGE ou en España no 2014 coa crise de IU e o nacemento de Podemos esta pechado. A incapacidade das novas forzas políticas para saber interpretar o tempo político esta a propiciar unha recomposición do sistema bipartidista, con máis celeridade no campo da esquerda, que deixa soamente o "conflicto catalán" como único elemento de distorsión para o 'réxime'.

**Explicación da emenda:**

## **DITAME**

**PROPOSTA DA COMISIÓN DO PLENARIO E DO CONSELLO DAS MAREAS:**

### **A DEBATE**